

- ❑ **Cumprimento do réxime de visitas.** Un réxime de visitas claro e alleo ó conflito dos pais prognostica un bo axuste.

**Lembre: é importante que o réxime de visitas sexa regular, estruturado e consistente. O incumprimento é moi nocivo.**

- ❑ **Novos matrimonios.** Algúns fillos poden presentar problemas conductuais, aínda que non maioritariamente.

**Lembre: os novos matrimonios non prexudican de seu ós menores.**

- ❑ **Xénero do pai custodio.** Este non inflúe directamente no grao de axuste.

**Lembre: non se é mellor custodio por ser home ou muller.**

- ❑ **Satisfacción da pensión económica.** A inestabilidade financeira facilita o desaxuste dos menores.

**Lembre: as necesidades dos menores son as mesmas que antes da separación, e os cambios deben se-los menos posibles.**

- ❑ **Tempo desde a separación.** O paso do tempo por si mesmo non resolve o problema, pero si o bo facer dos pais e da familia primaria e extensa (avós, novas parellas, tíos...)

**Lembre: contribúa á resolución do conflito.**

- ❑ **Separación dos irmáns.** Os menores deben ir xuntos porque a súa separación provoca inestabilidade emocional, psicolóxica e conductual.

**Lembre: non é aconsellable separa-los irmáns.**

- ❑ **Importancia do período pre-separación.** O alto nivel de conflito e a hostilidade parental, así como a duración, previos á separación, repercuten negativamente no axuste dos menores.

**Lembre: é importante reduci-lo nivel de conflito e a hostilidade coa súa ex-parella a cero.**

- ❑ **Estado psicolóxico dos pais.** Pais psicolóxicamente inestables levan a un maior grao de desaxuste nos menores.

**Lembre: solicite axuda profesional nestes casos.**

**PROXECTO DE INVESTIGACIÓN:**  
CÓDIGO PGIDT99SOCX21102 XUGA

**DIRECTORES:**

DRA. FRANCISCA FARIÑA RIVERA  
(UNIVERSIDADE DE VIGO)  
DR. RAMÓNARCE FERNÁNDEZ  
(UNIVERSIDADE DE SANTIAGO)

**INVESTIGADORES:**

DRA. DOLORES SEIJO MARTINEZ  
DR. SANTIAGO REAL MARTINEZ  
DRA. MERCEDES NOVO PEREZ


**COLABORA:**

CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR E  
RELACIÓNS LABORAIS  
DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA

Depósito Legal: C-1030-2001



# RUPTURA DE PARELLA, NON DE FAMILIA



## MODOS DE RESOLUCIÓN DO CONFLICTO DE SEPARACIÓN

- a) **Xudicial.** O xuíz toma unha decisión vinculante para as partes.
- b) **Extraxudicial.** Esta divídese en mediación e negociación.
  - b.1) **Negociación.** É un modo de resolución do conflito no que o protagonismo recae no avogado das partes. Para que os acordos teñan validez legal teñen que ser aprobados na resolución xudicial.
  - b.2) **Mediación.** As partes toman as decisións en presenza dun profesional experto na mediación familiar aceptado por ámbalas partes. Os acordos alcanzados han ser refendados xudicialmente.

TEÑA PRESENTE: É MÁIS SATISFACTORIA PARA AS PARTES E DEFENDE MELLOR OS INTERESES DO MENOR (DO SEU FILLO) A RESOLUCIÓN EXTRAJUDICIAL GUIADA POR MEDIACIÓN.

## CONSECUENCIAS NOS PROXENITORES

Como consecuencia da separación, os pais, o mesmo cós fillos, como veremos máis adiante, experimentan efectos negativos. A nova situación da parella trae consigo unha serie de mudanzas: nos hábitos comportamentais, no enderezo, nas relacións cos fillos, etc. que provocan un conxunto de efectos. A saber:

- 1. **Efectos psicolóxicos:** ansiedade, depresión e "estrés". Estas son as consecuencias psicolóxicas máis comúns que adoitan sufrir, especialmente, para aquel que non tomou a decisión de separarse e para o pai non custodio.
- 2. **Cambios na situación económica.** O novo contexto xera unha división dos recursos económicos, á vez que un maior custo das novas necesidades vitais. Todo isto pode ir en detrimento das posibilidades educativas, formativas e de desenvolvemento dos fillos.

## 3. Aumento das responsabilidades do pai custodio.

## AS 10 CONSECUENCIAS NEGATIVAS PARA OS FILLOS

- ❑ **Sentimentos de culpa.** Con frecuencia os menores séntense responsables da separación dos pais, provocando un forte malestar nos fillos.
- ❑ **Sentimentos de abandono e rexeitamento.** Os nenos, especialmente os máis novos, non entenden por qué un proxenitor ten que abandonalo fogar, interpretándoo como unha conducta de abandono.
- ❑ **Sentimentos de impotencia e indefensión.** Estes son consecuencia da non participación na toma de decisión da separación.
- ❑ **Sentimentos de frustración.** Os nenos ven frustrada a súa expectativa dunha familia unida.
- ❑ **Inseguridade.** Os sentimentos de rexeitamento, abandono e impotencia desembocan en inseguridade.
- ❑ **Ansiedade e depresión.** Psicoloxicamente, o neno, con frecuencia, manifesta estados de ansiedade e depresión que se poden acompañar de síntomas de somatización.
- ❑ **Conductas regresivas.** Isto é, retroceso no desenvolvemento a etapas anteriores, tales como enuresis nocturna (ouriñar na cama), trastornos do sono, rexeitamento da escola, comportamentos problemáticos, etc.
- ❑ **Comportamento disruptivo.** Comportamentos violentos, agresivos e incluso antisociais poden aparecer ligados á separación.
- ❑ **Conductas repetitivas.** Algúns menores presentan repeticións nos seus comportamentos verbais e motrices.
- ❑ **Problemas escolares.** Cando un neno se atopa ante un proceso de separación dos seus pais, é normal que o interese polas actividades cotiás se vexa minguado, entre elas, as escolares.

## OUTRAS PROBLEMATICAS ASOCIADAS Á SEPARACIÓN

- ❑ **Sobrecarga.** Esta prodúcese cando os nenos se ocupan de cuestións para as que non están, nin psicolóxicamente nin evolutivamente, preparados tales como a parentificación (isto é, "enche-la soidade dos pais", "calma-la depresión e axudar os pais a afrontar a situación"), xudicialización do proceso de separación e "ser mensaxeiros" (isto refírese ó uso dos menores como medio de comunicación entre os proxenitores).
- ❑ **Síndrome de Alienación Parental (SAP).** Trastorno que se caracteriza polo desprezo que manifesta o neno cara a un dos proxenitores (e familia extensa), inducido, implícita ou explicitamente, polo outro proxenitor.
- ❑ **Ilusión de Reconciliación.** Con certa frecuencia, os nenos participan dunha ilusión de reconciliación dos seus pais que impide unha superación do trauma da separación.

## OS 10 FACTORES DE RISCO DE DESAXUSTE DOS MENORES

- ❑ **Idade.** Os máis novos tenden a presentar desordes conductuais e os maiores de competencia social.

Lembre: os desaxustes son distintos para cada grupo de idade.

- ❑ **Nivel de conflito parental.** A maior nivel de conflito entre os proxenitores, máis desaxuste para os fillos.

Lembre: non inmisza os seus fillos no conflito.